

8 ene. 2011

"Mero" reflexiona sobre o invento da "imposición" (Galicia Hoxe)



Baldomero Iglesias, máis coñecido como "Mero", fai neste artigo unha reflexión sobre a situación de progresiva opresión que están a vivir os galegofalantes

Vostede cre que pode haber algún país no mundo que impoña para si mesmo a súa lingua, a propia? E digo ben, que "impoña", entendido como obriga. Todos os países do mundo teñen imposto o seu idioma, o seu, e de forma lexítima. Dada pola orixe feliz, polo hábito e habitabilidade, polo tempo e perdurabilidade, polo uso común e social, pola tradición e a literatura que, seguro, pervive nas obras que desde hai moito se xeraron establecendo vínculos de relación e cohesión. Pódese entender o verbo impoñer con respecto ao propio, ao que nos vén dado en natureza, ao que vén en e con nós? Se vostede así pensa, sinto dicirlllo, padece dunha certa doenza modular e revirada que lle impide ver claro e supón que ten que estar vendo con interferencias de sombras, desas que se pousaron nos ollos coma belidas, cataratas que non lle deixan ver e comprender a totalidade do horizonte físico e humano que por diante se lle pon. Doenza que se estende ao interior e que dá conta de realidades falsas, pois chega aos sentimentos e impídelle, quizais, amar como é debido, nese territorio que parte necesariamente desde o amor ao propio e a si mesmo.

Debe saber que a maior riqueza dos humanos é, precisamente, esta diversidade que temos que nos fai ser, primeiramente nós, tal como somos e singulares, e despois coma os demais. Esa que nos fai iguais, sabéndonos iguais pero distintos, orixinais e variados. Como debe ser a condición humana. Xusto o contrario dos homomorfismos e monocultivos, da uniformidade, para entendernos ou para ignorarnos. Para manexarnos ben debemos ter esa certa capacidade de aceptación sen vitimismo e sen "padecemento" -ao que sempre aluden aqueles que se rexeitan- para defendernos dos mesmos carcas de sempre. É necesario avanzar e aceptar os demais como son, aínda que non sexan coma nós ou como nós quixeramos que fosen. Aínda que sexan pequenos e rabudos, morenos e pálidos, peludos ou pelados, e aínda que sexan únicos ou supoñan unha minoría. A diferenza é quen nos fai humanos.

Os pobos, naturalmente, existen. E existen sendo diferentes desde a mesma condición humana. Porque teñen o dereito de existir, grandes e pequenos, sendo quen son nin máis nin menos. E deben ser protexidos para existir, sobre todo aqueles máis pequenos, conservando os propios códigos de cohesión social e de dominio, de entendemento mutuo e relación, de riqueza colectiva. Un deles, loxicamente, é o código lingüístico. Que presume ser o do entendemento e a aceptación. E, mal que nos pese, así hai que aceptalos, tanto se imos a Marrocos e alí os vemos diferentes, como se imos a Alemaña e tamén os vemos diferentes, como á Bretaña francesa ou a Cataluña. Ou se, como é o caso, alguén se achega a nós e apercibe que falamos doutra maneira "característica" e que, aínda resistíndonos a ela -mágoa, a nosa- e intentando universalizar as vocalizacións, se nos acaba notando este acento imborrable de nós, característico -e con moita honra- pola oclusión de fonemas vocálicos e outras marabillas, ou pola superposición de códigos alleos -mágoa, a nosa- nunhas irregularidades que non imos analizar porque non vén a caso.

Non, o idioma propio non pode ser imposto, é lexítima a súa imposición aínda que non queiramos, porque está no dominio innato e iso non pode sobrepoñerse a nada nin subordinarse a nada, xa que vén posto en nós e non imposto -como queren facernos crer aqueles carcas de sempre. É propio a nós, é condición do ser, é natural, orixinal, singular e implícito ás persoas que de aquí somos (aunque alguén puxera cascos ou tivese problemas perceptivos), a este espazo que lle corresponde en tempo e terra, na paisaxe humana, social e física, na materia do seu ámbito. Eu non podo aceptar que por chegar a Euskadi e que me digan e falen, entre eles ou comigo, o seu idioma propio, me estean a faltar, ofender ou sequera impoñer. Non, ...non podo ser eu un colonizador barato, dos que vemos tanto, nin podo ser ese carca que me queira impoñer a eles, levándolles a cordura barata que lles -agora si- impón o meu código. Sería lamentable. Eles son os que asumen a normalidade no seu dominio lingüístico. Por que lles custará tanto entendelo e aceptalo aos que seguen premendo en nós, nos medios de presión social, nos seus reiterativos discursos, nas súas magoentas traducións, ...porque non se admite que temos non só toda a razón senón a razón toda e que, os que defendemos a nosa lingua minorizada, somos os que estamos en precario, achicados e loitando sempre para recuperarnos das súas mentiras maliciosas, das ignominias veladas desde o pasado, das belidas en cataras e, ademais, e isto sobre todo, estamos no noso dereito.

Reclamamos o noso, o dereito fundamental de ser e de expresarnos, no noso código, diferente ao deles, ese que non pode -nin querendo- exercer a intimidación invasora que se inventaron para xogar unha vez máis a

colonizarnos. Como fixeron -na Historia de verdade cóntase- nas lamentables páxinas latinoamericanas, cos escravos negros aos que obrigaban co seu minoritario idioma de orixe a unha diglosia invasiva e impostora para empezar polas catro verbas de servidume, e logo á submisión a aquel o seu idioma todopoderoso, e os fíxese aparentar máis cultos (tocando o piano, afrancesando expresións ou como hoxe: resolvendo co inglés, que prancha moito!). Eu non podo, e ningún pode, nin debe interpretar así as cousas.

Nese suposto os éuscaros, os catalán, os bretóns... non me impoñen nada e eles falan o seu idioma "con todo o seu dereito e dominio" repito. E fan, farán e farían ben. E eu se quero estar con eles, debo falar coma eles e con eles, adquiero o deber de asumilo, de intentalo e conseguilo, de comprender, de achegarme a un certo coñecemento e respecto, polo que eles gardan acochado en sentimentos, e é comprensible. Sei que nos entenderíamos perfectamente. Xa ten sucedido. Que non nos conten máis contos porque a partir de aí todas son conxecturas, aproximacións, intentos de xustificación do inxustificable. E o ridículo feito realidade en letreiros de dobre -pero non igual- comunicación: "REDUZCA LA VELOCIDAD- Reduza a velocidade".

Parvos, quérennos facer parvos. Xa sei, xa sei que dirán que hai outra lingua máis, que cohabita e que se nos fixo oficial entre pasaxes históricas moi negras, paralelas ao dereito de pernada (sen dereito lexítimo que o xustifique, a non ser a imposición e segundo eles non é lexítimo) e outras lindezas e que, por certo, hoxe é "común a todo o estado" e que tatachín e tatachán. Por certo esoutra lingua, mirade ben, ...esa si que ten algo -moito- xa de imposta e non me remito á miña opinión ou memoria, na que habitan moreas de prexuízos e datos opresivos ao longo da miña vida e da dos meus, senón que así o di a mesma Constitución aínda hoxe. Lean senón, busquen datos. É lingua de obrigado coñecemento e hai o deber de coñecela... non quede dúbida ningunha (art. 3.1). Aínda que non é a nosa lingua propia, coidado, non nola vaian meter dobrada como pretenden "aparvados que nos queren facer parvos" ou políticos de quenda.

De Galicia deriva o galego como consecuencia lóxica, e non o castelán, ...que eses son outros lópeces, ou non? E xa ven que aquela obriga igualitaria, coa que se lles enchen sempre a boca, non é medianamente xusta -de novo queren trocar ouro por lilailas e "baratijas"... como sempre fixeron- e non fan o mesmo "raseiro", obrigando e recorrendo ao deber de coñecer a Nosa Lingua, a propia, e poñela no seu sitio con honra e xenerosa consideración, como sería o propio dun estado digno, responsable e considerado, sequera nos seus dominios lingüísticos...e despois de tanto tempo de miserias e esquecementos, de débedas e de non saber estar onde lle corresponde, nese lugar onde non existan subordinacións xurídicas para as interpretacións reaccionarias, ese lugar que garantira os deberes análogos ao castelán. Que me permita acceder a min, galego, ao coñecemento do catalán, do éuscaro, do portugués. iso non pasa, aínda hoxe, coa esta lingua na que escribo e coa Carta Magna da que presumen moitos. Igualdade, ... quen te vira!.